

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta da sesión ordinaria da Comisión
de Calidade
15 de decembro de 2016**

Asistentes:**Presidencia**

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaría

Susana Rodríguez Barcia

Enlace de igualdadeMaría del Carmen Cabeza
Pereiro**Membros da CC****PDI**

Inmaculada Báez Montero
Jorge Figueroa Dorrego
Francisco José Ledo Lemos
Lourdes Lorenzo García
Ana Luna Alonso
José Montero Reguera
Ana María Pereira Rodríguez
Antonio Rifón Sánchez
Elena Sánchez Trigo
Eduardo Varela Bravo
Nuria Yáñez Bouza

Alberto Pérez Pereira
(sector PAS)

Desculpan

Carmen Becerra Suárez
Xosé Henrique Costas
Miguel Cuevas Alonso

Cristina López Pais (sector
alumnado)

Non asisten

Inmaculada C. Báez Montero
Carmen Becerra Suárez
Xosé Henrique Costas
González
Antonio Rifón Sánchez
Julián Rial Lago (sector
alumnado)

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 15 de decembro de 2016 na Sala de Xuntas da Facultade.

Ábrese a sesión ás 11:36h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o 28 de outubro de 2016.**

Apróbase por asentimento.

2. Informe da vicedecana de calidade e do decano.

- Susana Rodríguez Barcia, que se incorpora tras o permiso de maternidade, agradece a Beatriz Rodríguez o seu excelente traballo.

- A vicedecana de calidade informa sobre a nova plataforma da ACSUG, AVALÍA, na que as persoas que coordinen títulos de grao e mestrado teñen que darse de alta para poder subir as evidencias, indicadores, plans de mellora e autoinformes nos procedementos de calidade de seguimento e acreditación.

- O decano informa á Comisión de Calidade da petición de Luis Domínguez relativa ao regulamento do TFG en canto ao procedemento de avaliación.

a. En concreto, Luis Domínguez indica que se a comisión coñece a nota do titor ou titora do TFG, este dato pode interferir na obxectividade á hora de que a comisión avaliadora cualifique o traballo, xa que procederá aos axustes pertinentes para que finalmente a nota sexa a que buscan dende o primeiro momento.

b. Por outra parte, pon de manifesto que ás veces existe unha gran diferenza entre a nota da persoa que titoriza o TFG e a nota da comisión avaliadora. O docente sinala que as notas da persoa que titoriza sobrevalora nalgún caso o TFG e que debería terse só en conta a nota da Comisión avaliadora no caso de que a diferenza entre ambas cualificacións sexa maior que 2 puntos.

Posto que se trata dun tema complexo, no que se pon en cuestión a obxectividade da persoa que titoriza o traballo, a coordinadora suxire que se abra unha reflexión e que se desenvolva con calma o tema na próxima comisión de calidade que se celebrará a finais de xaneiro ou principios de febreiro.

Con todo, tras o informe inicianse unha serie de intervencións que amosan en xeral a preferencia por manter o papel do titor ou titora na cualificación do TFG e as condicións vixentes no regulamento

do TFG.

En concreto, Antonio Rifón sinala que o problema radica na indefinición do que a comisión e a persoa que titoriza están avaliando. Propón unha distribución dos ítems avaliados para que o titor ou titora avalíe aspectos relativos ao desenvolvemento do traballo e a comisión/tribunal avalíe, por exemplo, a presentación oral. Jorge Figueroa Dorrego destaca o valor que teñen os comentarios e a cualificación da persoa que titoriza o TFG para a comisión avaliadora. Nesta idea insisten outros docentes como Inmaculada Báez, que si considera de utilidade para a comisión avaliadora coñecer a nota proposta polo titor/a e os comentarios do seu informe. O profesor José Montero apela tamén ao sentido común do profesorado. Elena Sánchez Trigo insiste na idea de que o TFG non é un traballo de investigación, que nel se avalían algunhas das competencias adquiridas no grao, e que este tema da avaliación require unha reflexión profunda na que se teñan en conta tamén os modelos doutras facultades. Do mesmo xeito que xa comentara Antonio Rifón, Elena Sánchez Trigo apunta que noutros centros o modelo de informe do titor/a do TFG inclúe unha serie de ítems que son os que a persoa que titoriza debe avaliar. Propón que se faga máis homoxéneo o proceso de revisión de TFG. Antonio Rifón tamén propón que se establezan algunhas medidas para controlar e distribuír adecuadamente as entregas de borradores do TFG.

-Infórmase á comisión da suxestión do coordinador do Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados, Jorge Dorrego, de plantexar a adaptación do Regulamento para a elaboración do TFM que foi aprobado o 15 de xuño de 2016 en Consello de Goberno a un Regulamento da FFT para a elaboración do TFM. Deste xeito, todos os mestrados impartidos no centro terán un marco común coincidente coa normativa xeral da Universidade de Vigo. A reflexión máis relevante que ha de facer a Comisión de calidade atinxe á outorgar potestade ás Comisións Académicas dos Mestrados para que organicen algúns dos aspectos académicos que rexe o regulamento da Universidade de Vigo, sempre que se cumpla con esta normativa xeral para a universidade. Os puntos do regulamento, que pode consultarse no enlace https://uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/DOCUMENTOS/alumnado/posgrao/REGULAMENTO_TFM.pdf, onde a comisión debe pronunciarse, son fundamentalmente o artigo 6.4., 7.2, 7.3, 7.4., 8.1., 8.2., e 8.5.

-A coordinadora informa sobre os novos prazos concedidos para a entrega da documentación precisa no proceso de Acreditación do Mestrado en Comunicación Internacional (límite o 16 de febreiro de 2017) e no proceso de seguimento do GLE e do GTI (28 de febreiro). Toda a documentación debe subirse dende as

coordinacións á plataforma AVALÍA. O centro establecerá un calendario interno, tal e como suxire a profesora Nuria Yáñez.

3. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección.

A vicedecana de calidade comenta que se realizaron pequenas modificacións ortotipográficas e de estilo no Informe de revisión pola dirección para o curso 2015/2016. Unha vez expostas ante a comisión, o informe é aprobado por unanimidade.

4. Rolda aberta de intervencións.

- A vicedecana de calidade faise eco dunha consulta da profesora Carmen Becerra sobre por qué este ano o alumnado do programa de maiores non realizou a enquisa de avaliación docente. A pregunta trasladarase á Área de Calidade da Universidade de Vigo.
- Nuria Yáñez indica que na web da FFT existen deficiencias na tradución na versión en inglés. O decano aproveita para explicar que en 2017 cambiará a empresa que leva a actualización da páxina web co fin de mellorar tamén a aparencia e, sobre todo, a navegabilidade da páxina actual.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.45 h.


Vigo, 15 de decembro de 2016

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe


A secretaria (Vicedecana de Calidade)



Susana Rodríguez Barcia

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Calidade
celebrada o día 18 de xaneiro de 2017.

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución



Susana Rodríguez Barcia